

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4565451545219862314.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2025 Convenio Diputación
Activ.Cult

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE
DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 11-2025). CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2025.

Visto o expediente tramitado relativo á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 11-2025) financiada co compromiso firme por parte da Deputación de Lugo, polo importe de 530.000 euros, en base ao CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local núm. 11/180 do 21.05.2025, cuxo obxecto figura relictido na cláusula primeira:

“ Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTIVIDADE	IMPORTE IVE	SEN	IMPORTE CON IVE
1.FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA CIDADE DE LUGO	69.000,00		83.490,00
2.MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO	58.000,00		70.180,00
3. ANIVERSARIO DA MURALLA	4.000,00		4.840,00
4.LUGOMÁXICO	42.000,00		50.820,00
5.MURALLEANDO	60.000,00		72.600,00
6. ARTE NA RÚA	13.000,00		15.730,00
7.TARDE E TARDIÑA	26.000,00		31.460,00
8. O QUE QUEDA DE VERÁN	18.000,00		21.780,00
9. ATOPÉMONOS BAILANDO.	13.000,00		15.730,00
10. SOUNDSYSTEM NO CAMIÑO.	5.500,00		6.655,00
11. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA LINGUA.	13.000,00		15.730,00
12. ACTUACIÓNS MUSICAIS EN LUGO.	15.000,00		18.150,00
13 .PROGRAMACIÓN 2º SEMESTRE AUDITORIO GUSTAVO FREIRE	44.000,00		53.240,00
14 .PROGRAMACIÓN 2º SEMESTRE AUDITORIO FUXAN OS VENTOS.	80.000,00		96.800,00
IMPORTE TOTAL	460.500,00 euros		557.205,00 euros

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA	ACHEGA
--------	--------

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4565451545219862314.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2025 Convenio Diputación
Activ.Cult

DEPUTACIÓN	CONCELLO
530.000,00 €	27.205,00 €
TOTAL	557.205,00 €

Vista solicitude do servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Xosé Manuel Cao Rei, do 27.05.2025, coa conformidade da responsable da área xestora, de solicitude de tramitación de expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de xeración de crédito polo importe de 530.000,0 €

Proposta do Excmo. Sr. Alcalde do 29.05.2025 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados:

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref.: 2025/794 do 30.05.2025.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 11/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- ☐ Importe total Gasto subvencionable: 557.205,00 €. co seguinte desglose
 - Aportación Deputación Provincial: 530.000,00 €
 - Aportación Municipal: 27.205 € (RRPPOO)
- ☐ Coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 0,951176%
- ☐ Observacións: Finanzamento.
- ✓ Xeración de crédito: 530.000,00 €.

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Deputación Provincial

Concepto	Código proxecto	Importe
46100	253300002	530.000,00 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4565451545219862314.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2025 Convenio Diputación
Activ.Cult

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33000.22699	253300002	530.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.